

VIEIROS

Edición xeral

Mundo Canibal

Por Francisco Álvarez 'Koki'

Escribo noutro ano, lonxe e perto dun ano que non paga a pena recordalo. E escribo noutro ano que non vai a ser millor(tomade nota). Tamen escribo coa forza do do desaforo, pero sin estar moi seguro de se en verdade me apetece facelo. Diredes que hoxe estou moi pesimista, pero inda que me gusta sonar, son tamen realista. A verdade e que da pena ter fillos pra deixarlles este " MUNDO CANIBAL " Agora que xa correron rios de tinta e que xa fomos noticia no mundo.

- 13:49 15/01/2003

Mundo Canibal

Este e o cantar que cantamos. Mais que facer si outro millor non hai.

Rosalía de Castro.

Escribo noutro ano, lonxe e perto dun ano que non paga a pena recordalo. E escribo noutro ano que non vai a ser millor(tomade nota). Tamen escribo coa forza do do desaforo, pero sin estar moi seguro de se en verdade me apetece facelo. Diredes que hoxe estou moi pesimista, pero inda que me gusta sonar, son tamen realista. A verdade e que da pena ter fillos pra deixarlles este " MUNDO CANIBAL " Agora que xa correron rios de tinta e que xa fomos noticia no mundo.

Ahora decido escribir unhas linas, sen saber se deixarei dito o que quero decir. A xente da terra asombrase o que pasou co accidente do Prestige. A min non me estranou nada. Pra min que non teno afiliación de ningún partido político, pero si teno simpatía e pensamento polo que penso e millor pra Galiza. Pra min o que pasou non foi sorpresa. Simplemente deuse a oportunidade de polos contra a parede e deixalos co cu o aire. Como diría García Márquez: Crónica dun naufraxio anunciado. Por que o barco antes de afundirse avisou, e con tempo. O goberno central incompetente total dormiuse no estribillo de " España camina bien ". En calquer país democrático do mundo demitirían por vergonza propia. O goberno central non fixo nada, e normal non saben facer nada. O goberno " Autonómico " tampouco, a fin de contas non ten competencias pra nada, o deles e facer entradas triunfais o son da gaita.

Eu pers! onalmente sinto moito noxo pola chulería que lle botaron o asunto. A raíz do problema da España e de Galiza, non e este problema. Eu non chegarei a entender nunca , como un pobo que sae a rua a nun plebiscito a pedir a todo dar a autonomía pra Galiza, e logo danlle o poder a Madri. Ese e un dos primeiros erros do pobo. Non debemos deixar que ninguén governe a nosa casa. Por que outras nacionalidades

historicas non lles deron o poder o goberno central. Sera verdade o conto de que un galego nunha escaleira, non se sabe se sube ou baixa. En Espana e mais en Galiza gobernase dentro de un caciquismo medieval que da medo. Na maioría dos concellos de Galiza hai alcaldes que levan gobernando máis anos que Franco. Ese é un grave problema o voto do clientelismo, o emprego das propias familias no propio concello a dedo. En Galiza non existe un plan de urbanismo en ningún concello. Existen leis que nunca se aplican. Aplícase a lei do cacique de turno, e en moitos concellos o respo! msable de urbanismo termina sendo un construtor. Na Guarda concretamente o plan de urbanismo consiste en montar os edificios arriba das aceras. Non estou inventando nada, todo está aí para mirar. Cuando penso en Galiza politicamente, aseméllaseme moito a Santo Domingo- República Dominicana.. Os dous presidentes andaban cerca de idade e de pasado político. En pasados non moi lonxanos as cousas censurábanse. Hoxe chámase doutra maneira, en España e no mundo. Hoxe comprase. En Galiza e tamén noutras partes moitos diarios reciben axudas, subencións do goberno, que quedarían sin ela se levantasen a voz. En moitas partes do mundo inda é peor. As grandes multinacionais que se adican a fabricar armas, compran os xornales e tamén as cadeas de televexo. Hoxe é máis difícil que nunca ser un xornalista independente. Cuando eu era neno, escoitaba falar que Europa empezaba nos Pirineos, o demais todo era África. Moitas veces me pregunto se iso será verdade.

Ate fai pouco tempo, coa ! excusa de combatilo comunismo, asesínouse a moita xente, e cuando un nun estaba de acordo con eles o primeiro que te colgaban, era o san benito de .- Ese é comunista. Hoxe cambiaron a estratexia e baixo outra excusa chamada terrorismo, tamén te quentan a pavana. Por exemplo, nos Estados Unidos, o F. B. I. ten licenza para matar. Xa a tiñan antes pero agora é oficial. Poden pincharte o teléfono ou sacarte en calzoncillos a rua.

En España e en Galiza menos, por que vamos a paso do cabalo do Santiago. non foi posible cambiar a sociedade. non convina, e o noso progreso consistiu en pasar do escuro o nublado. Ningun goberno, tal vez por ser franquistas, e outros que se consideraban progres foron capaces de facelo. Tampouco os socialistas. En España, se quixeran cambiar, tiñan que empezar por cambiar o uniforme e o nome de algun corpo de seguridade que foi elemento de represión na dictadura e famosos polas mallas que daban e polos paseos as cunetas e os cementerios. Cambiar o nome das ruas adicadas os militares que un día sementaron o terror. Borrar das fachadas das igrexas o nome da santa cruzada. Prohibir os curas que dende o pulpito senon directa indirectamente fagan campana polos caciques de turno, por que iso non é nada religioso. Eu quixera recordarlle a moita xente, que ate fai moi pouco tempo, o nome de aqueles Maquis, que un día se votaron o monte para loitar contra a dictadura, inda figuran! nos arquivos de moitos cuarteles, como bandoleiros. Tal vez a razón de este artigo é por que sempre nos queda a esperanza. A pesar de que o capitalismo brutal convertido en globalización arrasa con todo e con todos acelerando a nosa destrución. Nos Estados Unidos xa non manda un presidente. Manda unha multinacional, que rouba as eleccións o prezo que sexa e fáille ver a xente que as gana. O goberno americano que non o pobo,(aquí tamén hai moita xente boa) presumen de moi civilizados, pero foron os primeiros que botaron a bomba atómica. Que un país como os Estados Unidos tena tanto poder e perigosísimo. Que a Unión Europea sexa tan inútil, tamén é perigoso.

Nova Iork

br> **Francisco Alvarez –Koki**